

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Adxudicación do contrato de obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda deCaselas”»

Data:

11 de abril de 2024

Duración:

Desde las 21:03 hasta las 22:00

Lugar:

Salón de Plenos

Presididapor:

María Dolores CastiñeiraAlén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apellidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***6711**	Manuel González Rodríguez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores CastiñeiraAlén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ



***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ
***6851**	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Suscripción da declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) dos membros do Pleno municipal para a adxudicación do contrato de obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas” financiado polo PROGRAMA DUS 5000 no marco do Programa de Regeneración y Reto Demográfico del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Sra. Secretaria municipal explica brevemente a razón pola que é necesario facer a declaración de ausencia de conflito de intereses, dado que é unha obra financiada polo Programa de Regeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que é quen establece este requisito, que basicamente consiste en que toda persoa que interveña no procedemento de contratación sexa membro da Corporación ou sexa empregado público, ten que facer a declaración de ausencia de conflito de intereses e que sen esta declaración non sería posible participar na adxudicación do contrato, todos os empregados públicos que participaron na Mesa de Contratación xa fixeron a declaración e agora so faltan os Concelleiros/Concelleiras.

VOTACIÓN: Sometida a votación a declaración de ausencia de conflito de intereses esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptándose o seguinte acordo:

ANEXO I. DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERÉS (DACI) DE LOS MIEMBROS DEL PLENO DE SALCEDA DE CASELAS

Expediente:1911/2023

Contrato: Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas

Subvención: C02.I04.P02 - Programa DUS de ayudas a proyectos de economía baja en carbono en municipios de menos de 5.000 h (Gestión IDAE)

Integrantes del Pleno:



Alejandro Rodríguez Canosa
Ana Cristina Pérez Cabaleiro
Joaquín Núñez Troncoso
Jorge Gregorio Vaqueiro
JoséLuis Fernández Pérez
Manuel González Rodríguez
Marcos Troncoso Estévez
María Dolores Castiñeira Alén
Salustiano Guerra García
Santiago Rodríguez Davila
Selene González Luis
Vanessa Rocha Núñez
Verónica Tourón Domínguez

Fecha: 11 de abril de 2024.

Lugar: Salón de plenos, Casa Consistorial de Salceda de Caselas.

Al tratarse de un contrato financiado con fondos procedentes del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia y conforme a la Orden HFP/1030/2021, de 29 de septiembre, previamente a la adopción del acuerdo de adjudicación del contrato de obra de renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas, en el lugar y día que anteceden, a objeto de garantizar la imparcialidad en el procedimiento de contratación, los miembros del Pleno presentes en esta sesión, como participantes en el proceso de licitación del expediente arriba referenciado como órgano de contratación, declaran:

Primero. Estar informado/s de lo siguiente:

1. Que el artículo 61.3 «Conflicto de intereses», del Reglamento (UE, Euratom) 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio (Reglamento financiero de la UE) establece que «existirá conflicto de intereses cuando el ejercicio imparcial y objetivo de las funciones se vea comprometido por razones familiares, afectivas, de afinidad política o nacional, de interés económico o por cualquier motivo directo o indirecto de interés personal».

2. Que el artículo 64 «Lucha contra la corrupción y prevención de los conflictos de intereses» de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, define el conflicto de interés como «cualquier situación en la que el personal al servicio del órgano de contratación, que además participe en el desarrollo del procedimiento de licitación o pueda influir en el resultado del mismo, tenga directa o indirectamente un interés financiero, económico o personal que pudiera parecer que compromete su imparcialidad e independencia en el contexto del procedimiento de licitación».



3. Que el apartado 3 de la Disposición Adicional centésima décima segunda de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2023, establece que «El análisis sistemático y automatizado del riesgo de conflicto de interés resulta de aplicación a los empleados públicos y resto de personal al servicio de entidades decisoras, ejecutoras e instrumentales que participen, de forma individual o mediante supertenencia a órganos colegiados, en los 260 procedimientos descritos de adjudicación de contratos o de concesión de subvenciones».

4. Que el apartado 4 de la citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

– «A través de la herramienta informática se analizarán las posibles relaciones familiares o vinculaciones societarias, directas o indirectas, en las que se pueda dar un interés personal o económico susceptible de provocar un conflicto de interés, entre las personas a las que se refiere el apartado anterior y los participantes en cada procedimiento».

– «Para la identificación de las relaciones o vinculaciones la herramienta contendrá, entre otros, los datos de titularidad real de las personas jurídicas a las que se refiere el artículo 22.2.d).iii) del Reglamento (UE) 241/2021, de 12 febrero, obrantes en las bases de datos de la Agencia Estatal de Administración Tributaria y los obtenidos a través de los convenios suscritos con los Colegios de Notarios y Registradores».

Segundo. Que, en el momento de la firma de esta declaración y a la luz de la información obrante en su poder, no se encuentra/n incurso/s en ninguna situación que pueda calificarse de conflicto de interés, en los términos previstos en el apartado cuatro de la disposición adicional centésima décima segunda, que pueda afectar al procedimiento de licitación/concesión de subvenciones.

Tercero. Que se compromete/n a poner en conocimiento del órgano de contratación/comisión de evaluación, sin dilación, cualquier situación de conflicto de interés que pudiera conocer y producirse en cualquier momento del procedimiento en curso.

Cuarto. Que conoce que una declaración de ausencia de conflicto de interés que se demuestre que sea falsa, acarreará las consecuencias disciplinarias/administrativas/judiciales que establezca la normativa de aplicación.

Expediente 1911/2023. Adjudicación do contrato de obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas” financiado polo PROGRAMA DUS 5000 no marco do Programa de Regeneración y Reto Demográfico del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Rodríguez Canosa: Hoxe culminamos os trámites administrativos para poder dotar as nosas parroquias dunha iluminación led, moderna e acorde aos tempos, como ben decíamos, debido a que ese contrato supera o 10% dos recursos ordinarios do Concello, é o pleno o encargado de



aprobar a adxudicación deste contrato. Contrato que é, sobre todo, a subvención maior de toda a historia Salceda que se achega a 1.400.000€.

O día 31 de xaneiro publicouse na plataforma de contratos de Galicia a licitación deste contrato na que todas as empresas que tivesen certificación válida para optar a unha obra desta envergadura se puidesen presentar, puidesen presentar ofertas pertinentes e poder optar a este contrato. A Mesa de contratación celebrouse o 11 marzo e propúxose para contratación a Electricidade IN M.A.C. CONDADO, S.L. xa que foi a única empresa que se presentou a esta licitación e ademais cumpría con todos os requisitos para poder optar. A proposta económica desta empresa é dun custo sen IVE de 1.121.297,41€ e con IVE de 1.356.769,87€, e o máis importante ou o que máis nos inflúe é que ten unha porcentaxe de baixa sobre o prezo a licitar dun 3% que se traduce en 41.961.95€ de baixa sobre o prezo orixinal, ademais o prazo de garantía de 120 meses, dez anos, que son cinco anos máis dos que ían no contrato e tamén dunha redución do prazo de execución que pasa dos seis iniciais a 4,5 meses, polo tanto antes de final de ano esta obra xa estará rematada.

Lembrar que se trata do proxecto de alumeadado do cambio de todas as luminarias de todo o Concello xa se empezou polo casco urbano e agora se eleva a todas as parroquias, falamos de 2.780 puntos de luz e falamos de un aforro enerxético do máis do 60% que influirá e aportaremos o noso graniño de área na mellora medioambiental. Agradecer a todas as persoas que participaron neste proceso administrativo dende o comezo e quero facer fincapé a dúas persoas que xa non están na Corporación ou no Concello, Miguel González o anterior concelleiro de servizos municipais que foi quen encargou ese proxecto, quen apostou por este proxecto e por presentarnos a esta subvención do IDAE e como resultado de unha subvención concedida do 100% na que o Concello de Salceda non vai a aportar nin un solo euro e que nos aportar a nós 1.500.000€ e tamén me quero acordar de Mónica Pampín que era a xefa de gabinete no momento desta solicitude de estas subvención, no Concello de Salceda historicamente as subvencións se encarga de solicitadas, entrar nas sedes as/os xefas/xefes de gabinete neste caso foi Mónica e foi un día complexo no que estivemos ata as cinco da tarde pegados ao ordenador para conseguir entrar dos primeiros e poder optar aos fondos polo tanto quero estender este agradecemento a Miguel e a Mónica porque posiblemente sen eles non estaríamos aquí aprobando esta adxudicación.

Sr. Rodríguez Davila: No informe de Secretaría faseimención a que o seu informe favorable está condicionado a que se incorpore ao expediente, con carácter previo a súa aprobación, a aprobación do proxecto de obra na súa versión presentada o 14.11.2023, polo que queríamos que a señora Secretaria ratificase que é así.

Salceda estase a beneficiar dunha importe axuda económica pública igual que moitas dúcias de Concellos, estamos no tempo de modificar todos os alumeados públicos de todos os Concellos polo tanto non é algo exclusivo para o noso Concello senón que ao longo e ancho do territorio galego e español vemos coma o color de noite das pobos, vilas, parroquias vai cambiando de ese amarelo a branco e polo tanto ao igual que fai moitísimos anos atrás se pasou de aquel branco pouco intenso das bombillas iniciais a despois as candescentes e amarelas que seguen a día de hoxe, pois como digo volve o color, loxicamente moi mellorado, do inicial aquel branco. Nos da un pouco de pena que un proxecto tan importante de tanta cantidade económica que só unha empresa se presentase, nada que dicir en canto ao procedemento, todo está ok, pero si que sorprende un pouco que ninguén se presentase é certo que cando un ve os pregos



dalgún proxecto e ve que claramente non ten opción pois xanon perden o tempo e non se presentan e polo tanto é unha pena, porque aquí non houbo competitividade, non só polo prezo, que iso nun gran proxecto para que quede para 40-50 anos non é o importante, o importante é na calidade do material, que todos cumpren a lexislación, pero isto é coma os vehículos, todos os vehículos que están na rúa cumpren a lexislación pero hai uns mellores que outros, uns duran máis que outros, uns teñen máis garantías que outros, etc. E nas luminarias pasa exactamente igual e é certo que si vas por Concellos limítrofes vese instalacións feitas por uns ou por outros e hai diferenza porque as calidades do material aínda cumprindo todos, non é o mesmo.

En canto aos tempos de execución non é precisamente bo que corran moito o importante é que o fagan ben e polo tanto sabemos todos que ao final os prazos se cumpren a veces daquela maneira. Insisto e reitero que o que o noso Grupo quere e que se fagan ben as cousas e polo tanto baseándose no proxecto presentado e no que se presentou e no único que se presentou o que lle pedimos ao Goberno e ao Concelleiro delegado que vixie a obra, que se fagan ben as cousas e que entre todos estaremos vixiando porque non é cousa menor esta obra, este proxecto, este diñeiro que ao final é de todos os contribuíntes que aportamos para mellorar, nese caso, a iluminación do noso Concello que vai cambiar para sempre durante varias décadas ata que veña outra nova tecnoloxía e oxalá esteamos aquí e a poidamos ver. Nós vamos a votar a favor deste proxecto de cambio de luminaria, insistindo que nos da pena, é unha mágoa que non se presentaran máis empresas a concursar ou intentar ser adjudicatarias deste proxecto porque creo que iso sería bo para todos os salcedenses en xeral.

Sra. Tourón Domínguez: Sumarme aos agradecementos que fixo Álex ao anterior Concelleiro Miguel, a Lucía que tamén participou na parte económica, a Javi que participou na resolución, sumarme a ese agradecemento a ese proxecto que ven dende o 2021 e que estamos no 2024. É certo que todo o que ten que ver con proxecto europeos é laborioso, a veces os Concellos do tamaño noso co persoal técnico que temos faixe complexo participar, fíxose, acadouse e creo que é un logro para todos e para todas e sobre todo para a veciñanza. Eu teño dúbidas e espero que se poida executar en prazo, hai 24 meses dende que se recibe a aprobación definitiva que foi o 16 de novembro, o compañeiro Álex dicía que antes de final de ano estará e eu espero que este para o 16 de novembro, sei que a veces obras de esta envergadura se complican, non sei si é de sentido común como lle chamou antes o compañeiro do PP que agora mesmo acaba de darlle a volta ao argumento que utilizou no primeiro punto, no primeiro punto era un tema de fora que o estendiamos a Salceda e este punto que é de Salceda estendeuno a comparar con outros Concellos que tamén lla deran. Quero dicir que o sentido común é seguir o mesmo argumento e o sentido común non é quitarlle valor aos logros e despois non ser capaz de defender un tema con argumentación simplemente por non dicir que non é un tema que afecta a Salceda directamente, que non estou de acordo con iso tampouco. Espero que este proxecto se leve ata a finalización por todo ese traballo que fixeron todos os que nomeamos antes e tamén empresados e empregadas públicas e sobre todo, espero que ese aforro que non so aforro económico senón tamén as vantaxes e mellora medioambientais se produza gracias a este investimento tan importante.

Sr. Guerra García: É un proxecto importante para este Concello, importante para a veciñanza de Salceda de Caselas, non só porque se reduce a factura económica senón porque se deixa de consumir enerxía, nós o único que lamentamos é non poder cuantificar economicamente o aforro que pode supor a partir de cuantificación de gasto dos dous últimos anos de enerxía



eléctrica, con independencia de iso felicitar a quen estivo traballando neste asunto porque a parte das arcas municipais o conxunto da veciñanza sae favorecido con proxectos de este tipo, me parece que debemos parabenizarnos de que esteamos todos de acordo.

Sr. Rodríguez Canosa: Repostarlle a Santi do PP, que nin isto, que é un proxecto europeo cen por cen financiado con fondos europeos que non lle vai costar nin un euro a Salceda, nin iso é capaz de darlle os parabéns nin sequera á xente que xa non está, e si me gustaría que foses concreto porque non vale vir aquí a sementar dúbida da legalidade, de si só se presentou unha empresa porque será, non sei si tes datos concretos, si tes dúbidas de que se incorreu nalgũa ilegalidade denuncia, lévaa a fiscalía, aos xulgados, a onde queiras, non vale dicir “curioso”, non vale dicir que os materiais non son bos, ti sabes si os materiais son bos ou non?, non vale dicir que o proxecto está mal feito, que hai xente que os mira e di que non nos vamos a presentar porque non nos compensa. Santiago si tes algunha dúbida da legalidade do proceso denuncia, pero non veñas a sementar dúbidas de que non se fixo ben, igual só se presentou unha empresa porque sabes que as empresas eléctricas teñen distintos tipos de certificacións, unha empresa eléctrica normal non se pode presentar a unha obra de 1.200.000€, non todas as empresas se poden presentar, ao igual en Galicia so hai dúas ou tres empresas que se poden presentar a este tipo de obras. Dicindo que pos en dúbida o proxecto, este proxecto o redactou a empresa de enxeñaría de Santiago tamén o fixo en Concellos do PP, en Covelo, en Salvaterra, ao igual estás poñendo en dúbida tamén eses proxectos. Creo que hoxe é un día importante aprobamos unha adxudicación dunha obra que vai a beneficiar en moito a toda a veciñanza, e insisto si tes algunha dúbida da legalidade denunció ao no Xulgado e senón non veñas a sementar a dúbida.

Sr. Rodríguez Davila: Non lle vou permitir que poña na miña boca palabras que non dixen, o que dixen está gravado e calquera pode escoitalo, que vostede interprete o que lle veña en gana é o seu problema, e díxeno con toda a rotundidade e reitero todo o que dixen, si tivera dúbidas ao respecto no sentido da legalidade non votariamos a favor ou non estiveran todos os informes favorables como fixemos con moitas outras cousas, polo tanto, non lle permito nin a vostede nin a ninguén que diga ou interprete cousas que eu non dixen. Como dixen e reitero, o que nós queremos e esiximos ao Goberno é que cumpran e que se faga cumprir o que ven no proxecto, reitero dixen o que está gravado e calquera veciño pode escoitar e polo tanto que vostede interprete o que vostede considere é o seu problema non é meu, eu dixen o que dixen, eu dixen verdades e as verdades non teñen porque molestar a ninguén, que só se presentou unha empresa, que hai diferentes materiais como hai diferentes coches, non dixen en ningún momento que eran bos ou malos materiais, non vou a repetirme porque está gravado tanto na acta como no vídeo, si non estiveron contentos ou de acordo non votariamos a favor. Por suposto que felicitamos pero temos que facer as olas as persoas que teñen a responsabilidade de solicitar esas subvencións, ou é que os cargos públicos por facer ben o seu traballo temos que aplaudirlle todos os días? Non hai ningún problema en recoñecer que fixeron ben o seu traballo pero si non significa que hai que facerlle unha ola, alabanzas ou é os funcionarios deste Concello non fixeron nada? Ou é que solo a parte política fixo? Ou solo felicitamos a parte que nos interesa? Ningún departamento, ningún funcionario deste Concello tivo que ver con este expediente? Porque vostede que eu saiba só felicitaron á parte política. Lle invito que escoite dende o inicio a miña intervención e non saque de contexto o que dixen, este Grupo vai votar a favor deste proxecto que se cumpra o proxecto, esperemos que quede ben executado, polo ben de todos, e iso o dixemos en todas as obras e o resultado xa o miramos en moitas delas, e a empresa ten vontade de facer mal as cousas, claro que non ningunha pero as cousas



suceden, e os políticos teñen intención de facer as cousas mal, no pero as cousas suceden por iso non está de máis insistir en que se cumpra o que ven no proxecto.

Sra. Tourón Domínguez: Aclarar que eu si felicitei os empregados e empregadas na miña intervención, creo que os parabéns son para a veciñanza sobre todo polo que vamos a mellorar e gañar medioambientalmente, o noso voto vai ser a favor.

Sra Alcaldesa: Creo que temos que estar contentos e contentas, nesta sesión plenaria vamos a aprobar entre este punto e o dous seguintes 1.700.000€ de inversións para a veciñanza de Salceda, creo que é un motivo importante para que todos e todas, equipo técnico, parte política, corporación, goberno e veciñanza esteamos ben contentos, ogallá sigamos nesta liña e teñamos sobre todo visión de conxunto, un punto ademais, como dixo Alex, un 63% de aforro, cumprimento do plan de axuste, mellora do alumado na súa calidade, seguridade cidadá, 100% financiado, eliminación de puntos negros e sobre todo e o máis importante é a posta máis grande economicamente nas nosas parroquias invertindo 1.500.000€ no cambio de luminarias, dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Efectuada a licitación do expediente de contratación da obra recollida no proxecto denominado “Renovación de alumbrado público exterior enel ayuntamiento de Salceda deCaselas”.

Vistas as características do contrato:

<i>Contratación de obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”</i>		
<i>Procedemento: Aberto</i>	<i>Tramitación: Ordinaria</i>	<i>Tipo de contrato: Obra</i>
<i>Orzamento base de licitación: 1.155.976,71€</i>	<i>Impostos: 242.755,11€</i>	<i>Total: 1.398.731,82€</i>
<i>Valor estimado do contrato (sen IVE): 1.155.976,71€</i>		
<i>Duración execución: 6 meses</i>		
<i>Garantía provisional: Non se esixe</i>	<i>Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación</i>	<i>Garantía complementaria: Non se esixe</i>

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento
<i>Informe técnico de non división en lotes de 05.09.2023</i>
<i>Memoria xustificativa do contrato de 06.09.2023</i>
<i>Resolución de alcaldía de inicio de expediente núm. 2023-1074</i>
<i>Borrador dos Pregos de Cláusulas Administrativas particulares.</i>
<i>Informe de Intervención de fiscalización núm. 2023-0280.</i>
<i>Informe de Secretaría núm. 2024-0003</i>
<i>Ditame da comisión informativa de asuntos de pleno de 17.01.2024</i>
<i>Acordo do órgano de contratación de aprobación do expediente de 22.01.2024.</i>



<i>Publicación de anuncio na plataforma de contratos públicos de Galicia o 31.01.2024.</i>
<i>Certificado de ofertas presentadas na plataforma SILEX DE 28.02.2024.</i>
<i>Informe de risco de conflictos de interese de 28.02.2024.</i>
<i>Acta da mesa de contratación de apertura de Sobres «A» e «B» de 06.03.2024</i>
<i>Informe técnico valoración sobre «B» de 08.03.2024</i>
<i>Acta da mesa de contratación de apertura de Sobre «C» de 11.03.2023</i>
<i>Requirimento ao licitador de 14.03.2024</i>
<i>Presentación de documentación polo licitador en data 25.03.2024</i>
<i>Informe de Tesourería núm. 2024-0055 de 01.04.2024.</i>

Visto que a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada en data 11.03.2023, propuxo ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a proposición presentada por ELECTRICIDAD IN M.A.C. CONDADO, S.L. segundo o seguinte cadro de puntuación:

<i>CRITERIO</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>Puntuación total sobre B</i>	<i>49 puntos</i>
<i>Puntuación total sobre C</i>	<i>51 puntos</i>
<i>Puntuación total</i>	<i>100 puntos</i>

Vista que a oferta económica e demais referencias avaliadas automaticamente do único licitador presentado, ELECTRICIDAD IN M.A.C. CONDADO, S.L con CIF núm. B36380284, foi a seguinte:

1.- Proposta económica:

- A) Preciosin IVA: 1.121.297,41€euros.*
- B) Impuesto sobre el Valor Añadido (IVA) 21% importe 235.472,46€euros*
- C) TOTAL (A+ B) 1.356.769,87€ euros*
- E) Porcentaje de baja:3%*
- F) Cuantía de la baja: 41.961,95€ (IVAINCLUIDO)*

2.- Proposta de prazo de garantía: prazo de garantía total da obra de 120 meses (5 anos adicionais).

3.- Proposta de prazo para execución das obras: 4,5 meses (Reducción de 1,5 meses)

Considerando que ao abeiro da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, correspóndenlle ao Pleno a competencia como órgano de contratación por tratarse dun contrato cun importe que supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento segundo o informe de Intervención núm. 2024-0280.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO



PRIMEIRO. Adxudicar o contrato de obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas” nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a ELECTRICIDAD IN M.A.C. CONDADO, S.L con CIF núm. B36380284, polo seguinte prezo:

PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
1.121.297,41€	235.472,46€	1.356.769,87€

Coas seguintes melloras:

1.- Prazo de garantía: prazo de garantía total da obra de 120 meses

2.- Prazo para execución das obras: 4,5 meses

SEGUNDO. Dispoñer e aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 165/619 para o para o exercicio 2024.

TERCEIRO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante no prazo de 15 días.

CUARTO. Designar como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro industrial Javier Regueira Miguéns, redactor do proxecto de obra e como Técnico Coordinador de Seguridade e Saúde da obra ao enxeñeiro técnico industrial Pablo Sabarís Escudero.

QUINTO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

SEXTO. Notificar a ELECTRICIDAD IN M.A.C. CONDADO, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e informarlle que a sinatura do contrato efectuarase de forma electrónica.

SÉTIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OITAVO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta de Alcaldía esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato de obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas” nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a ELECTRICIDAD IN M.A.C. CONDADO, S.L con CIF núm. B36380284, polo seguinte prezo:



PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
1.121.297,41€	235.472,46€	1.356.769,87€

Coas seguintes melloras:

1.- Prazo de garantía: prazo de garantía total da obra de 120 meses 2.-
Prazo para execución das obras: 4,5 meses

SEGUNDO. Dispoñer e aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 165/619 para o para o exercicio2024.

TERCEIRO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante no prazo de 15 días.

CUARTO. Designar como como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro industrial Javier Regueira Miguéns, redactor do proxecto de obra e como Técnico Coordinador de Seguridade e Saúde da obra ao enxeñeiro técnico industrial PabloSabarísEscudero.

QUINTO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

SEXTO. Notificar a ELECTRICIDAD IN M.A.C. CONDADO, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e informarlle que a sinatura do contrato efectuarse de forma electrónica.

SÉTIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do SectorPúblico.

OITAVO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Expediente 645/2024. Aprobación de proxecto de obras denominado "Ampliación da rede de saneamento en parderrubias. Tramo presa4".	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Toncoso Estévez: Neste punto traemos o primeiro dos proxectos de saneamento, esperemos que sexan moitos máis neste tres anos que nos quedan de legislatura porque é unha das apostas que facemos dende o equipo de goberno.

Este proxecto é un proxecto de saneamento de Parderrubias no barrio da Presa, todos somos conscientes da problemática que están sufrindo nesa urbanización os veciños que por mor de que non chega aínda o saneamento a Presa. O sistema que teñen para sanear as súas augas residuais é unha fosa séptica que non está ben dimensionado e ten unha problemática de contaminación ambiental, problemas de salubridade con filtracións e fugas de verquidos que o que fan é contaminar o solo, isto é o que marca esta necesidade prioritaria do saneamento



nesa zona. Atendendo a esta prioridade neste proxecto non só se da solución a ese problema ambiental senón tamén se da solución ao saneamento de varias vivendas acometendo este tramo.

Este proxecto consiste na apertura da estrada e colocación de colectores para unha lonxitude aproximadamente de 544 metross, comeza na urbanización da Presa na súa zona sur e continúa na estrada da Presa -Farrapeira e se adentra no camiño do Castro, finalizando nun tramo no que xa hai saneamento con pozos existentes e se engancha a ese pozo que é o saneamento que vai da estrada de Sobreiro a Portela. Dentro da obra supón a construción de 23 pozos de rexistro, 8 acometidas e se da servizo a unas 13-14 vivendas. O prazo de execución é de tres meses. O que se busca con esta obra é a prioridade neste momento pola necesidade, polo problema ambiental que se está dando naquel momento e actualmente hai unha solución transitoria a través dun acordo que se conseguiu co Consorcio do Louro para facer unha limpeza, un baleirado da fosa séptica, aproximadamente pasan cada dous meses, vemos que o problema vai máis alá do baleirado e se aposta decididamente por este saneamento.

Esta obra executarase co remanente que hai no Consorcio do Louro, na actividade do 2022 hai un remanente de 1.000.000€, facendo un reparto cos catro Concellos que forman o Consorcio a Salceda nos toca nun reparto que nós consideramos que é desfavorable porque só nos toca o 9,1% desta cantidade o que supón 91.000€, que nin sequera nos da para executar esta obra de saneamento, esa diferenza de aproximadamente 35.000€ o engarzaremos cunha ampliación de crédito do remanente do 2023 co cal para as arcas municipais non supón un gasto si é certo que está cantidade é un importe que nos corresponde a Salceda de Caselas cos impostos dos nosos veciños.

Sr. Rodríguez Davila: Un proxecto de saneamento no que vamos a estar de acordo, estivemos visitando a zona, a verdade é que hai un cambio con respecto ao que inicialmente se tiña proxectado, considero que pode ser acertado como criterio e esperemos que tamén no futuro os proxectos que se fagan, non só aí senón non resto do Concello, se atenda ao que trasladan os veciños que son máis coñecedores do terreo que os cargos políticos que visitan as zonas e polo tanto é importante escoitalos, facerlle caso porque saben ben por onde transcorren os regos de auga, tamén as levadas, etc... e iso hai que procurar, na medida do posible, que ningún saneamento que sexa posible executalo por caída que non teña que levar bombeo e sobre todo, que acolla ao maior número de vivendas ao seu transcurso do colector porque no futuro se poidan facer novas edificacións ou equipamentos e polo tanto hai que buscar sempre o equilibrio entre o menor dano e o maior beneficio como digo, con servizo para o maior número posible de casas como tamén dos usuarios potencialas do futuro a través de novas licencias e construción en solo urbano.

Estamos a favor, resolvemos un problema que ven de lonxe e as cousas a veces non se fan todo o ben que se deberían e como digo, votamos, non neste mandato que aínda non levamos un ano senón en moitos outros, que non se dedicaran máis recursos propios, de plans que nos pertencen a saneamento e repartir equitativamente entre melloras das nosas rúas ou equipamentos municipais pero tamén nos servizos básicos que carecen a día de hoxe moitos veciños e vivenda no rural e que merecen e necesitan urxentemente que se lles atenda.

Sra. Tourón Domínguez: Nós vamos a estar de acordo, de feito no plan que se había establecido xa na lexislatura anterior no que era Concelleiro Rubén se había co remanente, non



sei se estamos confundido datas ou ao mellor estou eu equivocada, pero o remanente do 2022 creo que foi o que se establecera xa sendo eu Alcaldesa, naquel momento eran 210.000€ máis ou menos, se fixera a obra de saneamento de Ataúde, a Picoña que ascendía a 110.000€ e o resto outros 100.000€ aproximadamente estaba para redacción de proxecto incluíndo a redacción deste proxecto que hoxe traemos a aprobación aquí e xa estaba encargado no seu día polo Concelleiro anterior. Pregunto si estamos a falar dun remanente posterior, é dicir do 2023? Se se modificou o que era o libro de ruta que se establecera, que era esa execución deses 110.000€ en Ataúde que están xa executados, e o resto en redacción de proxectos? Se non se van a redactar o resto de proxectos que estaban encargados e que xa estaban establecidos na licitación que había feito o Consorcio? Sexa de onde sexa si o diñeiro ven do Consorcio que ao final é diñeiro de todos e todas, veciños e veciñas que conformamos o Consorcio de Augas do Louro dos catro Concellos e sempre son benvidas as obras de saneamento.

Sr. Guerra García: De saneamento falamos, temos que alegrarnos todos máis nunha situación que traía os seus problemas en canto a situación que tiñan na fosa séptica neste parte da urbanización e que non só sufrían os propios veciños que vertían na fosa séptica senón os veciños que vivían máis abaixo, nós temos que lamentar unha cousa, é que non se informara con máis puntualidade á Asociación de Veciños na medida que a Asociación de Veciños no seu momento puxo no coñecemento do Concello a necesidade de dar unha solución a este problema, que se acaben enterando de que hai un proxecto porque ven a pleno, gustaríanos que houbera máis fluidez e que non só se chámese aos veciños para actos protocolarios ou de propaganda, que se conte con eles en asuntos como este que os primeiros preocupados foron eles dende o primeiro momento.

Sr. Troncoso Estévez: Contestando á compañeira Verónica, esta mesma mañá falei co xerente do Consorcio do Louro, Rufino, e efectivamente me aclarou que o remanente do 2022 foi publicado no 2023 é e de 1.000.000€, co cal a Salceda lle corresponden 91.000€ porque dentro do reparto nos corresponde un 9,1%, estes son dos datos como digo desta mesma mañá. Esta parte a vamos a dedicar a saneamento de Presa e quedara unha cantidade de 35.000€ que vamos a imputar tamén ao remanente que quede deste ano. En canto ao que comentaba o compañeiro Salustiano os primeiros en manifestar esa preocupación foron os propios veciños da zona, alí nos persoamos o equipo de goberno e vimos atendendo as necesidades que había na Presa, esa problemática que tiñan, se lles ofreceu unha solución transitoria mentres non chegaba o saneamento que é ese baleirado con unha periodicidade bastante curta e estamos en continua conversación cos veciños e esperemos que así sexa, que cando haxa unha demanda que acudan a nós para iso estamos, nos movemos, visitamos a zona para ver calquera problema que poidan encontrar os veciños e por suposto estamos para ofrecer as solucións.

Sra. Tourón Domíguez: Sigo insistindo na pregunta que é, si o resto dos proxectos que se haencargaran e que estaban con cargo ao remanente do 2022 e que ademais estaban licitados polo Consorcio, estou falando de Loureiro en Picoña, Outeiro en San Xurxo, unha parte de Santa María, se marcaran unhas prioridades e naquel momento había ese importe e de feito vistamos o terreo tanto co técnico do Consorcio, como co técnico da empresa que redactou este proxecto que xa estaba encargado para marcar as prioridades e de feito o Consorcio fixera o lote deses proxectos. Dicar que efectivamente é unha necesidade dende fai tempo por iso se lle deu prioridade naquel momento e Tano, teño que dicir que non sei o equipo de goberno actual pero o equipo de goberno anterior tanto eu sendo Alcaldesa coma o Concelleiro de



Medio Ambiente reunímonos con toda a veciñanza da Presa tanto da parte de arriba como de abaixo, pisamos o terreo con eles reunímonos, explicámoslle o que se ía a facer, fomos tamén cos técnicos, a veciñanza da zona estaba totalmente informada deste proxecto e que se ían a empezar a realizar os traballos de pisado e demais para poder elaborar o proxecto e mellorar todo o posible con un técnico ao lado que son os que saben como se ten que executar todo, non sei a posteriori pero nese momento si o fixemos.

Sr. Guerra García: Só clarexar, eu falaba da Asociación de Veciños, me imaxino que cos veciños directamente afectados se falaría indudablemente.

Sr. Troncoso Estévez: En canto ao que dicía Verónica, efectivamente este é un proxecto que se comezou na lexislatura anterior, pero é certo que o proxecto que había no seu momento marcaba unhas prioridades que dentro do proxecto viñan incluídas o saneamento da Presa, saneamento Outeiro e saneamento Noveleira, era un proxecto integral, conxunto que ascendía a 700.000€ nos o que fixemos foi unha separata do proxecto do saneamento da Presa 4 para dar unha solución puntual a este problema que estábamos tendo e fixemos un novo proxecto que ven sendo o proxecto que había anteriormente pero se trae unha separata para poder licitar e executar este proxecto.

Sra. Alcadesa: Creo que é un punto positivo que traemos ao pleno, que non debería haber debate e que aquí as únicas medallas que se ten que colgar é a veciñanza por conseguir resolver un problema que tiñan, a veciñanza tivo santa paciencia, reuniuse con este goberno o 20 de setembro, o 26 de setembro, o 22 de outubro, déuselle solución a curto prazo a través dos baleirados periódicos, e non é o baleirado que ten acceso toda a veciñanza é un específico para solventar este problema. Sabían que a medio prazo terían solución porque o Goberno e seguramente a Corporación votaría a favor deste proxecto, sei que hoxe todos e cada un deles nos están vendo nos están seguindo esta sesión plenaria porque para eles era un sufrimento diario e vanse alegar de que toda a Corporación esteamos de acordo e non se trata de colgarse medallas ninguén senón de que o punto saía a diante. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

“Visto o proxecto de obras proxecto de obra denominado “Ampliación da rede de saneamento en parderrubias. Tramo presa 4”, redactado polos enxeñeiros JulioRoberes de Cominges e Hugo García Carro en data 26.01.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 125.533,76€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 21 786.85€ e o presuposto sen IVE a 103 746.91€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

Visto o informe técnico núm. 2024-0066 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0015 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo



21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Ampliación da rede de saneamento en parderrubias. Tramo presa 4”, redactado polos enxeñeiros JulioRoberes de Cominges e Hugo García Carro en data 26.01.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 125.533,76€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 21 786.85€ e o presuposto sen IVE a 103 746.91€.

SEGUNDO.- Solicitar os informes sectoriais indicados no informe técnico núm. 2024- 0066.

TERCEIRO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta e Alcaldía esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Ampliación da rede de saneamento en Parderrubias. Tramo presa 4”, redactado polos enxeñeiros JulioRoberes de Cominges e Hugo García Carro en data 26.01.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 125.533,76€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 21 786.85€ e o presuposto sen IVE a 103 746.91€.

SEGUNDO.- Solicitar os informes sectoriais indicados no informe técnico núm. 2024- 0066.

TERCEIRO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 423/2024. Ratificación do apartado primeiro do Decreto núm. 2024-0242 de aprobación de proxecto de obra “Mellora de vieiros municipais en O Agro (Parderrubias) e Veiga do Campo-O Barreiro (Santa maría de Salceda)”

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sra. Alcaldesa: Imos ratificar neste punto o Decreto de solicitude de subvención do Plan Marco 2024-2025. Dabedes que este plan vai destinado á mellora de camiños municipais, está financiado con fondos europeos. Neste Decreto de aprobación de proxecto houbo un erro que se subsanou cunha corrección deste Decreto 242/2024 onde se dicía A Portela – Picoña e Pedrabuxiña, Parderrubias que era o anterior Plan Marco 2023 queríamos dicir Veiga do Campo, Agro, unha vez subsanado este erro, nesta ocasión traemos a mellora de dous camiños que se levaran a cabo, como xa vos adiantei un deles é o Agro en Parderrubias e outro Veiga do Campo – Barreiro en Santa María. Conta con informe técnico favorable, un orzamento de



55.642,66€, un prazo de execución dun mes e unha garantía de doce meses. No caso de Agro en Parderrubias é unha estrada que ten unha lonxitude de 188 metros e de anchura 4,60 e dada precisamente a pouca anchura de este vieiro preténdese realizar o ensanche necesario para que ao longo do percorrido acade ata 5,30 metros, ademais procederase ao asfaltado completo ademais da sinalización e pintado tanto vertical como horizontal.

Outra das estrada é Veiga do Campo-Barreiro, este vieiro vai dividirse en dous treitos, o primeiro mide 341 metros, a estrada ten diferentes anchuras, a media de 3,50 vai pasar a 4,10 metros e seguidamente asfaltárase o segundo dos treitos, é unha intersección co primeiro, ten unha lonxitude de 270 metros e unha anchura de 4,30 aproximadamente polo que nesta ocasión non é preciso ensanche porque consideramos que ten o ancho suficiente, vaise renovar por completo a capa de rodadura e por suposto terá un novo asfaltado. Dúas demandas veciñais históricas temos moitísimos quilómetros de vieiros municipais que necesitan mantemento estas dúas eran fai tempo necesarias e gracias ao plan marco deste 2024, agardamos máis pronto que tarde levalas adiante.

Sr. Rodríguez Davila: Por fin se atende a unha petición que leva algunha delas máis de doce anos enriba da mesa en diferentes plenos a través de diferentes preguntas, rogos etc... fixéronse moitas actuacións e non se lle daba prioridade a estas dúas, máis concretamente á de Agro, logo reivindicamos en varias ocasións a de Veiga do Campo, alí transcorre un tramo do rally, aquilo dos que dicían cando estaban na oposición que os rallys desfacían as estradas e logo había que repoñelas etc... cando logo se ten responsabilidade de goberno se fai o que se pode e a veces non se fai o que se di, entón é moi fácil botar foguetes pero a verdade é que, como digo, houbo centos de oportunidades para poder mellorar estas dúas estradas municipais que son competencia do Concello e que nunca se fixo caso.

Quero especialmente dirixirme ao camiño do Agro concretamente dirixirme a Pepe, a Lola e a súa familia e aos veciños da zona do Agro porque é un claro exemplo de inxustiza política, porque a raíz de que foi Concelleiro do PP se fixeron melloras nesa zona e xusto, e non é que o diga eu porque todos os veciños de alí de Parderrubias e de calquera veciño que poida ir a comprobalo, xusto se asfaltou ata onde se inicia o peche da propiedade de este ex concelleiro e amigo, como digo unha clara inxustiza política, unha deixadez absoluta con intención, porque hai centos de casos de feitos de obras de persoas afíns políticas a outros grupos políticos que si se fixeron e sen embargo esta petición, que non é dun ano nin dous nin tres, nin catro, nin dez senón de moitos anos de total abandono, non de asfalto senón que leva máis de 14 anos sen alumeado público e polo tanto é un claro exemplo, de persecución política por desprecio hacia un veciño que ten o mesmo dereito que outros. O digo como o sinto e como é a realidade e insisto, non é unha cousa dun ano, nin dous, nin cinco, é de anos e anos de abandono e deixadez e polo tanto me alegro e nos alegamos de que por fin se traia a pleno esa mellora de asfaltado que como digo, se fixeron moitos outros en moitos sitios e non en tal mal estado nese momento no que se asfaltaron, como é o caso do Agro e como é caso de Veiga do Campo en Castro Barreiro. Polo tanto, vamos a votar con moita ilusión a favor deste proxecto ao igual como o facemos de todo asfaltado e desexando se sexa o antes posible, que quede ben e que non se deixen as cousas a medias como algunha obras que despois hai que ir a maiores a remendar o que se fixo mal e sobre todo logo incrementando o coste das obras aparecendo facturas a maiores porque a veces non se contemplan nos proxectos todo e cada unha das necesidades da zona.



Sra. Tourón Domínguez: Nós estamos totalmente a favor deste proxecto, son dous vieiros municipais que necesitan arranxo e que hai que darlle prioridade, son importantes e por suposto nós totalmente de acordo. A veces destinar diñeiro para asfaltado non se pode sempre todo o que se quere, son moitísimos metros de camiños e vieiros municipais e de estradas, calquera que poidamos ir avanzando para nós dende logo vamos a estar de acordo.

Sr. Guerra García: Penso que todos recoñecemos a necesidade de arranxar estes dous camiños eu volvo a insistir no que dixen antes co tema do saneamento, a ver si se fala un pouco máis coa Asociación de Veciños, neste caso a de Parderrubias, porque no tema de Agro levaban anos, a Asociación de Veciños, reclamando unha solución a este asunto que menos que si se fai un proxecto falar coa Asociación de Veciños e dicir estamos neste proxecto.

Sra. Alcaldesa: A última reunión coa Asociación Veciñal de Parderrubias foi o 14 de marzo, nós falamos con todos os colectivos veciñais vostede está en dous colectivos na Comunidade de Montes, na Asociación Veciñal da Picoña diga cantas veces me reunín con vostedes, moitas, a última hai unha semana, creo que nunca digo que non é máis, moitas veces as propiciamos nós, ten que ser así, a política faise así, en contacto coa veciñanza e en contacto cos colectivos. Estou segurísima que nin Pepe nin Loli pensan que eu fixen isto con mala intención e que non hai ningún tipo de persecución, estou absolutamente segura é máis, saben perfectamente que ademais da mellora desta estrada nesta renovación de luminarias nas parroquias vai haber unha parte que destinaremos por fin a completar o alumeadado que falta nesa estrada. Repito, o meu non é a persecución son máis de dialogo sexan ou no máis próximos a min. Paso a dar lectura a proposta de Alcaldía seguinte:

“No Diario Oficial de Galicia Núm. 18, xoves 25 xaneiro de 2024 publicouse a Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada degastos.

Visto que o obxectivo destas axudas esta en mellorar as condicións da vida dos seus habitantes e evitar o seu despoboamento, nos termos previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Entre as actuacións que considera necesarias este Concello están levar a cabo o proxecto de “Mellora de vieiros municipais en O Agro (Parderrubias) e Veiga do Campo-O Barreiro (Santa María de Salceda)”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canle e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, de data de febreiro de 2024 e cun orzamento total de execución por contrata de 55.642,66€ € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.656,99 € e o orzamento sen IVE a 45.985,67€. Ascendendo o control de calidade a 1.159,33€

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMIEIRO. Aprobar o proxecto de obras para “Mellora de vieiros municipais en O Agro (Parderrubias) e Veiga do Campo-O Barreiro (Santa María de Salceda)”, redactado polo



Enxeñeiro de Camiños, Canle e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, de data de febreiro de 2024 e cun orzamento total de execución por contrata de 55.642,66€ € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.656,99 € e o orzamento sen IVE a 45.985,67€. Deberá levarse a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo

Ratificar o apartado primeiro da parte resolutiva da Resolución de Alcaldía núm. 2024-0242 relativa a aprobación do proxecto de obras para “Mellora de vieiros municipais en O Agro (Parderrubias) e Veiga do Campo-O Barreiro (Santa María de Salceda)” , redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canle e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, de data de febreiro de 2024 e cun orzamento total de execución por contrata de 55.642,66€ € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.656,99 € e o orzamento sen IVE a 45.985,67€. Deberá levarse a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

